

Señorita Daría

X.L. MÉNDEZ FERRIN

Hai disto tantos anos que aínda os alumnos grandes de bacharelato tratábamnos de señorita ás nosas profesoras, por moito que estas fosen casadas. Así lle chamábamnos a Daría González os rapaces que asistíamos ás aulas do Colexio Inmaculada na Pontevedra da primeira metade dos cincuenta, onde ela facía por nos aprender Inglés e outras diversas asignaturas de Letras.

Pontevedra era, daquela, unha cidade abafada pola burguesía de dereitas, íntimamente unida ás diversas burocracias. A memoria da masacre do 36 conservábase viva e, milagrosamente, algunhas familias de tradición republicana e progresista, aínda que cruelmente castigadas, mantiñan o orgullo intacto, a cabeza alta e, nalgún caso, o activismo político clandestino. Penso nos Poza, nos Adrio, nos Rey e, como non, na familia de Daría González.

As clases de Daría eran desordenadas, divertidas e nelas podían suscitarse calquera xénero de debate ou digresión.

Este cronista non sabía que aquel aparente caos era un método que seu avó materno, Enrique García, introducira á finais de século nos centros de ensino que el fundara en Pontevedra: o modelo pedagóxico non autoritario de Friedrich Fröbel (1782-1852) do que toda a esquerda educativa, no ronsel de Rousseau, se reclamara un día. Hermínio Barreiro explicouno.

Eu sostiven sempre a idea de que os docentes no seu labor diario, máis ca por en práctica doutrinas pedagóxicas aprendidas por vía libresco, o que fan é reproducir o estilo das clases

dos seus mellores profesores. Estou seguro de que en determinados intreos, cando eu permito o caos (controlado) na aula e deixo que se dispare a locuacidade e a imaxinación dos meus alumnos, para logo bótalle o freo e intentar centrar o proceso, estou reproducindo as clases de Daría González, que, á súa vez, reproducía as daquel seu avó que se inspiraba no humanismo progresista de Fröbel.



Con Enrique García, o mestre, completa ilustradas e progresistas. Seu pai, Bernardino González, foi un

concelleiro republicano de esquerdas a quen o cacicato pontevedrés desterrou en 1915 a Vigo, como nos explica moi ben Xosé Fortes na súa monumental *Historia de Pontevedra*. Seu irmán, Sebastián González, alcalde accidental

de Compostela en 1936 e dirixente do Partido Galeguista, foi historiador e arqueólogo e viviu un longo exilio en Puerto Rico moi próximo a Juan Ramón Jiménez. Final-

mente, Daría casou con Francisco Cerviño Xesteira, avogado, doutor en Filosofía e Letras e tamén profesor meu na Inmaculada. Cerviño, home de expresión libre e valente, tamén republicano e antifascista, foi a persoa que lle descubriu, nos días adolescentes, o sentido liberador da cultura a este seu cronista.

Morreu Daría González e os seus restos repousan xa para sempre en San Amaro, onde están tamén os do seu home, e os de Bóveda, e os de Cribeiro. Séxalle a terra leve a aquela muller galeguista e ceibe a quen lembraremos sempre co sorriso nos beizos. Querida Señorita Daría.

◆ Pontevedra era,
daquela, unha
cidade abafada
pola burguesía
de dereitas ◆